


ESCOLA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA INFORMÁTICA



PRÁCTICAS CURRICULARES GUÍA DE ACTUACIÓN PARA AS PERSOAS TITORAS NA EMPRESA

PRÁCTICAS CURRICULARES

GUÍA DE ACTUACIÓN PARA AS PERSOAS TITORAS NA EMPRESA DA ESEI

Aprobado en Comisión de Calidade o .04/03/2016

Co gallo de facilitar o labor da titorización na empresa do alumnado da ESEI nas prácticas académicas externas curriculares, esta guía de actuación inclúe os aspectos básicos que deben ser tidos en conta tanto previamente coma durante o período de realización das mesmas.

1) Para que a empresa poida ofertar prácticas curriculares ao alumnado da Universidade de Vigo, deberá ter asinado un convenio de cooperación educativa coa mesma. Isto deberá facerse a través da Fundación Universidade de Vigo (FUVI)¹. Pódese consultar toda a información na web da Área de Emprego da Universidade de Vigo². Dende a web da ESEI tamén se proporciona os datos de contacto da persoa responsable da FUVI no Campus de Ourense³.

2) O titor ou titora da empresa será a responsable de aplicar o programa formativo correspondente á práctica, realizar o seguimento das tarefas asignadas ao estudante, e elaborar e entregar ao titor/a académico/a o informe final.

3) Entre os meses de maio e xuño a ESEI solicitará ás empresas interesadas en ofertar prácticas curriculares a súa(s) proposta(s) de prácticas. Estas propostas deberán conter, na medida do posible⁴:

- Nome ou razón social da entidade colaboradora onde se realizará a práctica.
- Centro, localidade e dirección onde terán lugar.
- Datas de comezo e fin das prácticas, así coma a súa duración en horas.
- Número de horas diarias de dedicación ou xornada e horario asignado.
- Proxecto formativo, actividades e competencias a desenvolver.
- Nome e datos de contacto do/a titor/a da empresa, que realizará as funcións establecidas no apartado 2, así como de outras persoas da empresa que participen na xestión da práctica (por exemplo, responsable do departamento de Recursos Humanos).

1 <http://fundacionuvigo.es>.

2 http://areaemprego.uvigo.es/emprego_gl/practicas/.

3 Pódese consultar na web da ESEI, sección I+D e Empresas → Ofertas de emprego e prácticas.

4 Información publicada no Real Decreto 1707/2011, de 18 de novembro, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.

- 4) Unha vez realizada e aprobada polo Centro a asignación de alumnado e correspondente titor/a académico/a, o/a titor/a externo recibirá comunicación da ESEI indicando o nome do/a estudante que lle foi asignado/a, así coma o nome e contacto do/a titor/a académico/a⁵.
- 5) De seguido, o/a titor/a académico porase en contacto co/a titor/a externo/a, e de seguido o/a estudante asignado/a establecerá tamén contacto co/a titor/a da empresa. Esta comunicación terá lugar, en todo caso, antes de que remate o curso (31 de xullo).
- 6) Previamente ao período de realización das prácticas, deberase cubrir e asinar o correspondente **formulario D4**⁶ por triplicado (copia para o/a estudante, titor/a académico/a e empresa). O titor/a académico/a depositará a súa copia na Secretaría do Centro, para achegar ao expediente do/da estudante. Baixo ningún concepto poderá comezar unha práctica antes de que este documento se atope depositado na Secretaría do Centro asinado polas tres partes, pois o estudante non estaría cuberto polo seguro escolar.
- 7) A persoa titora da empresa poderase poñer en contacto co profesorado titor académico cando xurda un problema ou dúbida na realización da práctica, ou sempre e cando o considere oportuno. Na ausencia deste, poderá contactar co/a coordinador de prácticas⁷.
- 8) Ao remate da práctica, e no prazo que lle comunicará o/a titor/a académico/a, a empresa deberá cubrir e remitir a este o informe final (**formulario D5**⁶).

Calquera outra dúbida ou problema poderá ser consultada tanto ao/á titor/a académico/a como ao/á coordinador de prácticas, en ausencia do/a primeiro/a.

5 Pódese consultar na web da ESEI, sección Profesorado.

6 Pódese consultar na web da ESEI, sección Normativas e Formularios → Formularios → Prácticas en empresa.

7 Pódese consultar na web da ESEI, sección I+D e Empresas → Ofertas de emprego e prácticas.